

5 Septiembre, 2024

PAÍS: España PÁGINAS: 1,24

AVE: 630 €

ÁREA: 157 CM² - 42%

FRECUENCIA: Martes a sábados

DIFUSIÓN: 2523 **OTS**: 18000

SECCIÓN: PORTADA



DEPORTES > 24

Xogos Olímpicos

Judith Rodríguez e Damián Ramos logran bronces en esgrima e ciclismo

As deportistas galegas suman xa catro medallas nas paraolimpiadas



Damián Ramos e Judith Rodríguez, onte. / CPE



5 Septiembre, 2024

PAÍS: España PÁGINAS: 1,24

AVE: 630 €

ÁREA: 157 CM² - 42%

FRECUENCIA: Martes a sábados

DIFUSIÓN: 2523 **OTS**: 18000

SECCIÓN: PORTADA





Damián Ramos, onte na saída da contrarreloxo en París.

A viguesa e o oleirés triunfan nos Xogos

Rodríguez e Ramos logran medallas de bronce en París

Redacción | Nós Diario

O ciclista galego Damián Ramos conseguiu onte a medalla de bronce na contrarreloxo da clase C4 dos Xogos Paralímpicos de París, a terceira para a Galiza. O oleirés colgouse o metal na clase que agrupa ciclistas coa coordinación algo limitada nun lado do corpo e nas extremidades inferiores. Fíxoo tras quedar a 1:19 do francés Kevin Le Cunff, gañador con 36:46 por diante do tamén galo Gatien Le Rousseau, que quedou a 0:31 do gañador.

Ao remate, Ramos deixou claro que o 4 de setembro era "sen dúbida, o día máis feliz" da súa vida. Ademais, quixo "agradecer" este éxito a toda a xente que o apoiou despois dun 2024 "moi complicado porque un ciclo olímpico é salvaxemente difícil". Agora asegura que "o obxectivo está cumprido e non hai ninguén máis feliz ca min", reiterou este deportista.

Explicando a proba, Ramos sinala que "escoitaba pola radio que estaba fóra, mais grazas ao que o meu adestrador sabe, sempre vou de máis a menos, adoito picar como un globo e é esa capacidade de sufrimento pola que puiden outra vez resarcirme

e subir para finalmente volver ser terceiro porque sabía que nos parciais ía primeiro, segundo, terceiro ou cuarto".

Judith Rodríguez

A esgrimista en cadeira de rodas Judith Rodríguez conseguiu onte a medalla de bronce en florete individual feminino da categoría A nos Xogos Paralímpicos de París 2024, o que supón o primeiro metal paralímpico galego e do Estado español dese deporte desde Sidney 2000. Rodríguez, que celebrou a súa medalla, manifestou tras o asalto: "Sempre soñei cun momento así, pero non me imaxinei que ía sentir tanto dentro porque ves que todo o traballado durante tanto tempo saíu hoxe".

De la Puente a semifinais

Martín de la Puente fixo historia onte en París e clasificouse para as semifinais dos Xogos Paralímpicos ao derrotar a francés Stephane Houdet. O número tres mundial impúxose ao galo por 6-2, 4-6 e 6-1, en dúas horas e tres minutos. O rival do galego agora en semifinais será o británico Alfie Hewett, número un do mundo, mentres que na outra semifinal estarán o arxentino Gustavo Fernández e o xaponés Tokito Oda.